- Tras a implantación do Modelo Bolonia nas nosas Universidades, non pode limitarse o acceso a unha actividade profesional en función dunha titulación académica.
- Moitas profesións sanitarias están reguladas e non colexiadas.
- Non queda xustificado a motivación nun interese público
- O rexeitamento do Consello Económico e Social de Galicia que tampouco observa interese público e amosa a súa preocupación pola proliferación de Colexios Profesionais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar Mixto, a iniciativa da súa deputada Consuelo Martínez, formula a presenta emenda de totalidade ao proxecto de Lei de Creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia solicitando a súa devolución ao Goberno.

Pazo do Parlamento a luns, 23 de marzo de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

1



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2015 13:54
Nº Rexistro: 35561
Data envío: 23/03/2015 13:54:28.678

Deputada e voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 23/03/2015 13:52:03



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través das súa deputada e voceira, Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas (09/PL-000026)**, en base aos seguintes motivos:

Este Proxecto de Lei non pasa de ser novamente propaganda que o PP utiliza como pantalla para ocultar a realidade á xente do común.


Cando no PP, aquí, en Madrid, en Valencia, Castela – A Mancha, etc, quedou ao descuberto o financiamento ilegal do partido e das campañas electorais e négase a asumir as súas responsabilidades políticas, venenos co rimbombante *Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas*.

Un proxecto de lei que non fai outra cousa que remitir constantemente á Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e regular polo miúdo as subvencións ao funcionamento dos partidos políticos que na Galiza nunca existiron nin existen.

O problema do financiamento dos partidos é o manexo de cartos en negro como contrapartida de favores nas concesións públicas e iso só se soluciona dándolle á Xustiza os medios que o PP lle nega e ampliando os prazos de prescrición dos delitos para que non sigan saíndo indemnes os tesoureiros do Partido Popular como ocorre dende os tempos de Naseiro.

O Proxecto de Lei fuxe de asumir verdadeiras responsabilidades. Máis lle valería ao goberno galego:

1



- a) Reclamar e acordar co Estado a transferencia das competencias sobre Réxime Electoral Xeral e facer uso do artigo 150-2 CE que di que o *Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación.*
- b) Facer uso do artigo 10 – f do Estatuto de Autonomía de Galicia para solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de Lei sobre a materia ou presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei. Deste xeito mesmo poderían abordar a reforma das prescricións e das penas para os delitos relacionados coa corrupción.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada Consuelo Martínez García, presenta esta emenda á totalidade ao **Proxecto de Lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas**, solicitando a súa devolución ao Goberno.


Pazo do Parlamento a luns, 23 de marzo de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada e voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 23/03/2015 14:05:44



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, a iniciativa do súa deputada Yolanda Díaz Pérez, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de financiamento das formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas**, polos seguintes motivos:

O grupo parlamentar da AGE presenta con este escrito a emenda á totalidade ao proxecto de lei sobre financiamento das formacións políticas e das súas fundacións e asociacións, texto oportunista e incompleto que presenta un goberno sostido por un partido asediado polos casos de corrupción.

O proxecto semella tan insuficiente nos cambios propostos como continuista nos máis dos aspectos que configuran o actual sistema de partidos e a legalidade electoral, concebida esta para primar unha fonda desigualdade nos recursos para a acción política e social entre os partidos do réxime respecto dos que acreditamos nunha alternativa democrática e republicana; outrosí de desaproveitar a oportunidade de acometer unha radical reforma da norma electoral galega, que permita profundar e ampliar os estreitos e deturpados cauces democráticos vixentes.

Se o artigo seis da Constitución sinala aos partidos políticos como forma de expresión do pluralismo político, concorrentes na conformación e manifestación da vontade popular e instrumento fundamental para a participación política, os mecanismos de financiamento irregular desvirtúan esas funcións e semellan funcionais para disciplinar as renuncias das organizacións políticas partidarias do réxime a defender a soberanía

popular. O corolario desta situación é a súa aceptación da intervención de facto da soberanía nacional proclamada no artigo 1.2 da Constitución pola troika.

O proxecto de lei enmárcase na operación publicitaria do goberno Núñez Feijóo para fuxir da onda de corrupción que ateiga aos diversos escalóns da súa administración e dentro do propio PP, organización que preside. Proxecto que se contenta co exercicio antipolítico de pór a lente sobre as organizacións políticas para despistar a opinión pública da cerna da trama de corrupción político-empresarial que sufrimos, que non é outra que o correlato necesario dunha política de privatizacións que se acompaña da execrable ética do “enriquecédevos” propia do individualismo posesivo e que practican os partidos do réxime.

Cómpre afirmar que nesta situación de podremia das institucións deste réxime político non todos somos iguais. Unhas organizacións políticas e sociais loitamos para transformar nun sentido de xustiza social a sociedade, xunto cos milleiros de asociacións e entidades de todo tipo, sostendo un combate intransixente coa corrupción político-empresarial, e outros partidos políticos sosteñen un entramado de intereses contrarios ao interese xeral e que lindan en demasiadas ocasións cos tipos delictivos asociados á corrupción.

Ese contexto xeral explica as insuficiencias e renuncias deste proxecto de lei presentado nas vésperas do ciclo electoral máis adverso para o bipartidismo monárquico. Así, o título I – adicado ao financiamento das formacións políticas – amosa as súas notables limitacións. Compartimos a prohibición das doazóns por parte de persoas xurídicas, pero avogamos pola súa extensión a todas as doazóns anónimas, a aquelas que proveñan de entes sen personalidade xurídica e as efectuadas por persoas físicas a partires dun determinado umbral contemplado nunha secuencia temporal de varios exercicios, e entre elas as referidas aos bens inmobles. E botamos en falla na figura do administrador/a electoral que non se perfilen as condicións de honorabilidade das persoas que vaian desempeñar tales cometidos.

Non podemos compartir a falla de radicalidade que ten o proxecto de subvencións para as campañas electorais, porque renuncia a deseñar un modelo de campaña electoral novo, austero, vencellado á realidade da xente traballadora, que enfatice a pedagogía dos contidos programáticos e de valores sobre a mercadotecnia electoral, e que teña no acceso aos medios de comunicación públicos e privados de xeito gratuíto o eixe vertebrador dunha proposta que suprima campañas mastodónticas e onerosas para pagar aos medios privados.

Proxecto de lei continuista porque contempla o pagamento das subvencións sobre o criterio dos escanos obtidos sempre ao traverso dunha lei electoral inxusta e non proporcional, que atenta a aquela máxima da igualdade de todos os sufraxios emitidos, cando tería que atender ao número de votos recollidos, indicador máis xusto e proporcional que o vixente. Ademais de limitar os gastos de funcionamento subvencionables ás labours dos grupos parlamentares, que en modo algún esgotan a actividade das organización políticas das que son emanación.

No título II, do financiamento das fundacións e asociacións vencelladas ás organizacións políticas, o goberno quere deixar fendas que permitan un financiamento espurio. Para AGE cómpre equiparar o rexime de financiamento destas fundacións ás dos partidos.

O título III precisa ampliar as esixencias en materia da transparencia coa que as organizacións políticas empregamos o diñeiro público e as achegas da nosa afiliación e militancia. Afortalar a capacidade fiscalizadora do Consello de Contas e habilitar neste organismo un sistema de acceso libre e fácil para a cidadanía a toda a documentación contable das organización políticas; sendo público o acceso aos créditos concedidos polas entidades financeiras e as súas condicións, e non permitíndose a condonación de débedas ou intereses. Avogamos pola creación dun rexistro público de doazóns ás organización políticas.

Xa que logo, este proxecto apenas pretende outra cousa que alonxar as pantasma do financiamento irregular do PP e da corrupción política-empresarial que rondan o Elsinor de Monte Pío, pantasma que dada a febleza do contido deste proxecto de lei acechan ao partido do goberno na clave oportunista das eleccións e non pola convicción de que o xeito que tivo de financiarse ate o de agora fora inaceptable en democracia; neste texto legal non hai lugar para o arrepentimento do Laertes galego do PP, o seu contido delata que o seu rei quere seguir a usurpar o loureiro da democracia.

En resumo, Alternativa Galega da Esquerda acredita nun sistema de financiamento das organizacións políticas eminentemente público, que evite que estas poidan restar na obediencia respecto dos intereses privados de tramas empresariais e de prácticas lobistas; sistema de financiamento definido polos criterios de transparencia, eficacia e eficiencia no uso dos fondos públicos recibidos, para desa maneira seren as organización políticas eses elementos necesarios para a mellora das condicións de vida da nosa cidadanía. Polo referido, este grupo parlamentar achega a seguinte emenda á totalidade, de devolución do proxecto de lei do financiamento das formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas.

En Compostela, a 23 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/03/2015 14:28:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas** [09/PL-000026 (doc. núm. 34138)], en base ás seguintes consideracións:

No último debate de política xeral o Presidente do Goberno galego anunciou con solemnidade e grande amplificación, a proposta dun pacto de rexeneración democrática. Detrás dese titular, detalláronse unha serie de medidas que, aínda sendo algunha delas positiva, terán un alcance limitado, tendo en conta a profunda crise de lexitimidade que atravesa o sistema político-institucional vixente, sustentado pola alternancia bipartidista.

A difusión das devanditas medidas demostraron, por iso, que a verdadeira intención do Goberno galego, así como do Partido Popular, consistía en tentar ubicarse dun xeito oportunista con “pseudo-alternativas” coas que se pretendería dar resposta acaída á maioritaria preocupación cidadá sobre a corrupción política, pois detrás dos grandes titulares que enunciaban a devandita proposta de impulso democrático, unicamente se formulan raquílicas medidas con escasa ambición para desterrar de forma radical a corrupción e encetar unha verdadeira etapa de rexeneración democrática.

O *Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas* forma parte desas medidas enumeradas, ademais de ser obxecto de especial fincapé polo Presidente do Goberno, ao anunciar, dun xeito destacado, a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

imposición de restricións no financiamento privado para mellorar a transparencia na xestión económica dos partidos políticos de Galiza. Porén, fronte á contundencia do titular, vemos como a proposta concreta e desenvolta é moi limitada, posto que unicamente consiste en avanzar na regulación do procedemento de concesión e xustificación das subvencións electorais, similar á doutros procesos electorais, e incluír unha nova liña de financiamento ordinario aos partidos políticos galegos onde se introducen condicionantes na percepción de doazóns privadas. Mais, en ningún caso se regulan, como se anunciara e sería desexábel, restricións claras e severas a obter doazóns polos partidos políticos en Galiza, non só de persoas xurídicas ou anónimas, senón mesmo de calquera persoa física cuxa actividade, directamente ou a través de empresas ou entidades nas que ostenta un poder de dirección ou administración, está relacionada co sector público.

Estamos, polo tanto, ante unha iniciativa lexislativa onde o Presidente faltou á súa palabra, e tamén se queda moi lonxe dos obxectivos pretendidos. En primeiro termo, o denominado “Plan de Impulso democrático” difundido polo Presidente da Xunta após a súa aprobación polo Consello da Xunta, recollía expresamente no seu Eixe 8, relativo á Lei de financiamento de partidos políticos, “suprimir as doazóns anónimas ou de persoas xurídicas”. Aínda que iso, polo que se dixo, é insuficiente ao noso ver, dado que adicionalmente habería que controlar tamén as doazóns de persoas físicas vinculadas a empresas contratistas ou concesionarias do sector público, nin sequera se garante neste proxecto de lei, ao simplemente figurar como requisito ou condición para ter financiamento dos orzamentos da Comunidade Autónoma. Insistimos que non se trata dunha medida directa, de compulsión pública, que impida como se anunciara ese tipo de ingresos privados, e que ademais por un eventual incumprimento se derivaran responsabilidades ou castigos directos ao partido político incumpridor, senón un mecanismo indirecto, cuxa aceptación depende da vontade do partido non dunha regulación coercitiva aplicábel en todo caso e situación.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En segundo termo, tamén se relacionaba nese documento, o obxectivo de “establecer medidas de transparencia adicionais ás previstas na normativa básica estatal”, sendo que o proxecto de lei adoece de propostas que poidan encadrarse nese epígrafe, pois apenas se regula unha adaptación, nalgúns preceptos mesmo copia, da regulación estatal que non contén innovacións para avanzar na transparencia que debe esixirse a calquera partido político galego.

Esta evidencia de estarmos ante un proxecto de lei frustrado, que podería aproveitarse para ter unha regulación exemplar relativa ao funcionamento e xestión económica dos partidos políticos galegos, e tamén da transparencia no uso de fondos manexados durante os procesos electorais, pon de manifesto a incapacidade deste Goberno galego e do Partido Popular, para liderar calquera plan ou vía de impulso e rexeneración democráticas. Tamén constata que, ante a alarma social creada pola corrupción, máis que enfrontar as súas causas e actuar en consecuencia atallando as diversas fórmulas que serviron de instrumento para o seu espallamento, o que pretende é pórse de perfil ante este problema que causa fonda preocupación social.

Non podía ser doutro xeito, dado que o incremento exponencial de casos investigados por corrupción, afectan de forma especial a persoas vinculadas ao Partido Popular, e descubre de maneira descarnada a auténtica política exercida durante décadas por este partido en moitas institucións. Aínda que existe unha clara responsabilidade persoal de quen comete actos de corrupción, a xeralización do devandito fenómeno non é comprensíbel senón concorrese un amplo consentimento e compracencia. Por tanto, con independencia da depuración das responsabilidades penais e o castigo que merezan as persoas directamente responsábeis de actos de corrupción, hai unha clara responsabilidade política do Partido Popular, pois durante moitos anos consentiu a xeralización de prácticas corruptas, dadas as innumerábeis indagacións policiais e causas xudiciais instruídas contra cargos destacados, orgánicos e institucionais. Tamén



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo feito de que, cando se difundiron os resultados dos primeiros casos de corrupción, non houbo unha reacción inmediata desculpándose ou asumindo a corrección das prácticas irregulares, senón que se refutaron as acusacións con arrogancia, negando evidencias que, co paso do tempo e a consolidación das investigacións xudiciais, fixeron desbordar a irritación dunha ampla maioría de cidadáns. Agora preténdese reconducir esa indignación, en base a medidas como as do proxecto de lei que supoñen avances escasos dada a magnitude das prácticas irregulares que se foron asentado durante anos, e anunciándoas desenfocadas do contexto, sen ter en conta a implicación do Partido Popular en Galiza en moitas das investigacións instruídas por causas de corrupción e dun xeito superficial, que non vai ao fondo das causas da corrupción real.

O BNG concorda en avanzar en mecanismos de maior control e transparencia da actividade económica e financeira dos partidos políticos en Galiza. Con todo, non compartimos que se empregue unha iniciativa como este “Proxecto de Lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas” como exemplo e paradigma da loita contra a corrupción desde o Goberno galego, cando contén escasas e limitadísimas medidas rexeneradoras, cando ademais do conxunto do denominado “Plan de impulso democrático” apenas hai outras propostas encamiñadas a atacar de raíz outras causas profundas e estruturais que alimentan a corrupción. Poderemos avanzar así en mellorar aspectos formais da actividade económica dos partidos políticos, mais non en erradicar de raíz a corrupción no ámbito público.

No que atinxe ao financiamento público dos partidos políticos en Galiza, debería irse para alén de actuar nas subvencións electorais replicando o esquema actual e habilitar unha liña de financiamento público condicionada ao control do Consello de Contas. En realidade, entendemos que, sen implicar máis recursos públicos, senón que pola contra, poderían verse minguados considerabelmente os mesmos cunha revisión total da regulación das campañas electorais e os instrumentos empregados nas mesmas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto de lei non profundiza á hora de regular con maior racionalidade as actividades electorais que son un importante capítulo de gasto da maior parte das formacións políticas. Desde a nosa perspectiva, habería que mudar totalmente esa regulación, na liña de que fose máis equitativo o financiamento de campañas electorais, proporcionando máis medios públicos para levalas a termo, sobre todo a través dun protagonismo esencial en medios públicos de comunicación que evitasen o recurso excesivo a gastos de difusión privada, que xeran un importante incremento de gastos das formacións políticas. Estamos, por iso, perante unha iniciativa lexislativa errática no enfoque e pouco ambiciosa, pois incide só en abordar legalmente de xeito máis profuso pero pouco novidoso a actividade económica despregada nas campañas electorais, cando debería ser alterada dita regulación fondamente, cunha normativa específica galega que acoutase a propaganda e publicidade, en particular os envíos masivos postais, compensando esa redución de medios de propaganda cunha maior presenza da actividade política electoral, de forma equilibrada entre todas as formacións políticas, nos medios públicos de comunicación, que deberían converterse nos principais difusores dos debates e mensaxes electorais de todas as formacións políticas concorrentes a un proceso electoral, permitindo ademais con iso un maior contraste directo de ideas no canto de emisión unilateral de mensaxes políticas. Unha ollada aos informes de fiscalización do Consello de Contas dos procesos electorais corrobora que, de suprimir o “*mailing*” electoral, aforrariáase na asignación de fondos públicos electorais, ao eliminar a importante partida de gasto da subvención pública que se concede aos partidos políticos por este concepto. Un aforro que compensaría avultadamente as novas liñas de financiamento público previstas, que ademais son máis racionais e contan con garantías de control.

O Goberno Galego, con seu Presidente á fronte, volve a facer propaganda cun asunto tan sensíbel como é a rexeneración democrática, tal e como demostra a concreción no eido do financiamento público dos partidos políticos en Galiza, xa que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non é nin novidosa nin ambiciosa a súa formulación. Mais ben ao contrario, insiste en modelos caducos de campañas electorais que deberían ser reformulados a fondo, alén de actuar con medidas que se quedan a medio camiño na restrición das doazóns, faltando ademais ás promesas expresadas publicamente.

Por todo iso, formulamos a presente emenda de totalidade, con petición de devolución ao Goberno, ao *Proxecto de lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/03/2015 17:54:20





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24370**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de recuperación dos seus investimentos polas persoas afectadas pola subscrición de participacións preferentes e obrigas subordinadas”**, (publicada no BOPG número 307, do 25 de xuño de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do directora xeral de Comercio, Sol María Vázquez Abeal, con motivo do debate da pregunta 24369 que tivo lugar na sesión do 1 de outubro de 2014 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos. Ambas as dúas iniciativas, sobre idéntico tema, foron formuladas polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24419**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da Axencia Española da Administración Tributaria para evitar as consecuencias fiscais da recuperación da dispoñibilidade dos seus aforros polas persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes e obrigas subordinadas”**, (publicada no BOPG número 312, do 3 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O ‘Real Decreto-ley 8/2014, de 4 de julio, de aprobación de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia. (BOE, 05-julio-2014)’ recolle na súa disposición adicional trixésima a Ley de IRPF, relativa a compensación e integración de rendas negativas derivadas de débeda subordinada ou de participacións preferentes xeradas con anterioridade a 1 de xaneiro de 2015.

O artigo 122.dous do Real Decreto-lei contén, con efectos desde 1 de xaneiro de 2014, unha nova disposición adicional trixésima novena, na que se establecen normas especiais de integración e compensación de rendas negativas derivadas de débeda subordinada ou de participacións preferentes xeradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca
Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24555**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao pagamento pola Xunta de Galicia das indemnizacións correspondentes aos afectados polas expropiacións levadas a cabo no concello de Nigrán para a execución das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-325, Vigo-A Ramallosa, as razóns da demora e o prazo previsto para o remate do proceso”**, (publicada no BOPG número 312, do 3 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Neste caso, no procedemento expropiatorio -como indica a parte expositiva da pregunta- introduciuse o mantemento do dereito de aproveitamento urbanístico como unha posibilidade para a persoa expropiada. Deste xeito, foi necesario incorporar á normativa galega en materia de estradas un procedemento para afianzar a seguridade xurídica da tramitación, así como contar coa solicitude de cualificación urbanística.

Isto, xunto coa existencia de desafeccións e reversións que implicaron unha nova revisión dos bens obxecto de expropiación, levou a un prazo de tramitación dos expedientes máis prolongado do normal.

A día de hoxe, descoñécese a cantidade exacta que derivará dos expedientes que están no Xurado de Expropiación, así como os prazos nos que será posible realizar o pagamento.

Cómpre sinalar que desde a Axencia Galega de Infraestruturas abónanse os pagamentos de expropiacións por un criterio obxectivo, de entrada do expediente resolto nos servizos centrais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao pagamento pola Xunta de Galicia das indemnizacións correspondentes aos afectados polas expropiacións levadas a cabo no concello de Vigo para a execución das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-325, Vigo-A Ramallosa, as razóns da demora e o prazo previsto para o remate do proceso”**, (publicada no BOPG número 312, do 3 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Neste caso, no procedemento expropiatorio -como indica a parte expositiva da pregunta- introduciuse o mantemento do dereito de aproveitamento urbanístico como unha posibilidade para a persoa expropiada. Deste xeito, foi necesario incorporar á normativa galega en materia de estradas un procedemento para afianzar a seguridade xurídica da tramitación, así como contar coa solicitude de cualificación urbanística.

Isto, xunto coa existencia de desafeccións e reversións que implicaron unha nova revisión dos bens obxecto de expropiación, levou a un prazo de tramitación dos expedientes máis prolongado do normal.

A día de hoxe, descoñécese a cantidade exacta que derivará dos expedientes que están no Xurado de Expropiación, así como os prazos nos que será posible realizar o pagamento.

Cómpre sinalar que desde a Axencia Galega de Infraestruturas abónanse os pagamentos de expropiacións por un criterio obxectivo, de entrada do expediente resolto nos servizos centrais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015



A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24592**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o nivel de execución do acordo parlamentario referido á axilización da tramitación dos expedientes para a concesión da renda e axudas de inclusión social de Galicia, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 317, do 16 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En referencia ás cuestións incluídas na iniciativa, cómpre sinalar que están resoltos todos os expedientes de solicitude da renda de inclusión social que contan con data de entrada anterior ao 31 de marzo de 2014 e que teñen presentada e completa toda a documentación necesaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24773**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Vilamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os datos referidos aos investimentos levados a cabo pola Xunta de Galicia na Factoría Naval de Marín, o control realizado ao respecto e a decisión que se vai adoptar en relación co expediente de regulación de emprego proposto pola empresa, así como as medidas previstas para a recuperación dos créditos e avais outorgados polo Igape e Xesgalicia e a exixencia de responsabilidades aos xestores”**, (publicada no BOPG número 317, do 16 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten amosado un firme compromiso coa viabilidade e o mantemento do emprego na Factoría Naval de Marín, que acumulaba un risco financeiro moi elevado que poñía en situación de ameaza a súa continuidade e que afectaba, tamén, á actividade e ao emprego en varios centros de empresas auxiliares.

Co esforzo de todas as partes implicadas, conseguíuse manter a actividade no estaleiro, reorientándoo cara a actividade de reparacións, e fíxose posible o pagamento a máis de trescentas cincuenta compañías auxiliares do sector. Este esforzo compartido serviu para rebaixar os riscos financeiros de xeito considerable, ao tempo que se abrían posibilidades de futuro para o estaleiro e para a industria auxiliar asociada.

De feito, o traballo realizado nos últimos anos contribuíu a manter operativo o estaleiro e á decisión do compra por Nodosa, un estaleiro de referencia no ámbito das reparacións navais que pode consolidar o potencial de Factoría Naval de Marín neste ámbito e abrírlle posibilidades de acceder á construción naval.

En resumo, os esforzos desenvolvidos pola Xunta de Galicia e pola empresa, xunto co cadro de persoal, permitiron que Factoría Naval de Marín estea actualmente diante dunha nova


etapa para o estaleiro e para o sector, dado o potencial que esta actividade ten para xerar emprego, sobre todo da man das empresas auxiliares.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24794**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“o impacto na autonomía fiscal e financeira de Galicia da reforma fiscal anunciada polo Goberno central e as previsións do Goberno galego respecto da demanda da súa retirada”**, (publicada no BOPG número 317, do 16 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A reforma fiscal aprobada polo Goberno central está configurada como un instrumento para reactivar a demanda interna, fortalecer o proceso de internacionalización e competitividade e lograr que o sistema fiscal sexa estable e transparente, así como para xerar incentivos para estimular a economía e o emprego.

Galicia xa se anticipou na rebaixa de impostos para o ano 2014, ao rebaixar a tributación en IRPF para rendas inferiores aos 17.707 euros.

Esta rebaixa complementábase con políticas sociais de fomento á natalidade e con rebaixas selectivas en todos os nosos impostos, en particular por medio de deducións no IRPF.

Estas deducións que está a impulsar a Xunta para o fomento da natalidade complementáanse coas deducións aprobadas polo Estado. En conxunto, estas medidas permiten que unha familia galega que teña un segundo fillo pódese beneficiar de ata 9.100 euros ao ano en deducións, unha cantidade que chega aos 12.000 euros en caso de ser o terceiro fillo.


O Goberno de Galicia defendeu sempre a importancia de que Galicia manteña a súa autonomía fiscal, como un compoñente máis da autonomía política, para garantir a súa solvencia financeira e a capacidade de decisión da Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24865**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Vilamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a resposta da concelleira de Servizos Sociais do Concello de Cambre a unha pregunta referida ás actividades dese ente para eliminar a discriminación por opción ou identidade sexual, e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para a aplicación nos concellos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”**, (publicada no BOPG número 317, do 16 de xullo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Parlamento galego aprobou, no pleno celebrado o 8 de abril de 2014, a nova Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI), co voto favorable de PP, PSOE e BNG, e a abstención de AGE.

O 25 de abril de 2014, publicouse esta Lei 2/2014 no DOG.

Así Galicia é a primeira comunidade autónoma que conta cunha lei de igualdade de trato e non discriminación do colectivo LGTBI.

Un texto que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI, ao tempo que é unha Lei integral na que se inclúen medidas con carácter transversal que abranguen a todos os ámbitos: policial, xudicial, laboral, familiar, da saúde, educación, cultura, do deporte, da comunicación e da xuventude.

A través das medidas incluídas nesta norma se establece un marco legal xeral para combater a discriminación das persoas en todos os ámbitos.

Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia implicados no seu desenvolvemento están a traballar na súa aplicación nos seus diferentes ámbitos competencias.

É compromiso do Goberno galego, garantir que todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e liberdade, xa que a loita contra a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero é unha das prioridades en materia de dereitos humanos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25039**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“o dereito ao exercicio do sufraxio universal por persoas que non cumpren os requisitos establecidos na Confraría de Noia”**, (publicada no BOPG número 327, do 14 de agosto de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Segundo o artigo 19 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, no seu apartado 1, ‘o censo de membros deberá ser actualizado cando se produzan altas, baixas ou modificacións dos datos contidos nas súa sección. Este censo será comunicado á consellería competente en materia de pesca, cada tres meses e logo de aprobación do cabido’.

Así mesmo, segundo o artigo 17 do mesmo Decreto 8/2014, ‘[...] Esta inscrición será realizada polo/a secretario/a da confraría, que será o responsable da súa coordinación, supervisión, así como da súa custodia e depósito’.

Corresponde, por tanto, á confraría de Noia proceder á inscrición de membros e a configurar un censo con aquelas persoas que cumpran os requisitos contemplados no artigo 10 do Decreto 8/2014 e será responsabilidade do Cabido verificar que os membros incluídos no censo cumpren cos requisitos esixidos pola norma. A consellería con competencias en materia de pesca, poderá actuar sobre estes censos sempre que exista denuncia de persoa interesada que estea debidamente fundamentada.

En canto ao censo electoral, remitido á xunta electoral e exposto publicamente con anterioridade á celebración das eleccións, figuraban un total de 1335 persoas. Segundo o establece o Decreto 8/2104, a competencia da xunta electoral é a de velar por que se faga a

exposición do dito censo e atender os recursos presentados sobre as resolucións das comisións electorais.

Segundo figura na acta de escrutinio elaborada pola mesa electoral da confraría de Noia e remitida ante a xunta electoral, de un censo definitivo con 1.335 persoas exerceron o voto 1.054.

A Consellería do Medio Rural e do Mar velou porque os censos electorais foran debidamente expostos para que os interesados presentaran as súas reclamacións. Así mesmo, a xunta electoral exerceu as súas competencias en canto á resolución dos recursos presentados contra as resolucións da comisión electoral.


No proceso electoral da confraría de Noia presentáronse un total de 31 reclamacións sobre o censo provisional das que foron aceptadas pola comisión electoral 24. A xunta electoral recibiu un total de 4 recursos relacionados co proceso electoral na confraría de Noia, dos que 2 facían referencia ao censo provisional. Ambos os dous foron estimados e, en consecuencia, reflectidos no censo electoral definitivo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25524**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o número de solicitudes recibidas, concedidas e rexeitadas para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da risga”**, (publicada no BOPG número 337, do 9 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A orde de contratación para perceptores da RISGA por parte dos concellos é unha proba do máximo compromiso do Goberno galego coa inclusión. Ao abeiro desta orde de 2014, dotada con 5 millóns de euros e pioneira en Galicia, resultaron beneficiarios 120 concellos e unha mancomunidade integrada por 5 municipios.

Tendo en conta os resultados positivos desta primeira experiencia, que permitiu a contratación en 2014 de máis de 600 persoas, este ano introducíronse novidades co obxectivo de chegar ao máximo número de persoas posibles. Por esta razón, a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha unha nova convocatoria en 2015 que duplica o orzamento deste programa, alcanzando os 10 millóns de euros.

Esta convocatoria, que renova e reforza o programa pioneiro iniciado en 2014, supón un claro exemplo da aposta que a Consellería de Traballo realiza pola inclusión activa dos colectivos máis vulnerables, xa que se considera que o emprego é a mellor ferramenta para acadar a inserción social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa ~~pregunta con resposta escrita~~ **número: 25850**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a necesidade de realizar unha campaña informativa entre as persoas emigrantes retornadas en relación coa tributación das pensións percibidas no estranxeiro”**, (publicada no BOPG número 337 do 9 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, dende o primeiro momento en que xurdiu este problema adoptou unha actitude proactiva, mantendo diversas reunións coas asociacións de emigrantes retornados e así como unha comunicación directa co Ministerio de Facenda para tratar de solucionar esta situación, e manifestando sempre que este non era un colectivo defraudador.

Tanto a Conselleira de Facenda como o Director da Axencia Tributaria de Galicia acudiron en diversas ocasións ao Parlamento de Galicia para contestar iniciativas da oposición sobre este asunto: a Conselleira compareceu no pleno o 11 de setembro de 2013, o 25 de febreiro de 2014 o 22 de abril de 2014, o 27 de maio de 2014 e o 26 de novembro de 2014, e pola súa parte o Director da Axencia Tributaria de Galicia o fixo o 9 de outubro de 2013 en Comisión 3ª, o 6 de novembro de 2013 en Comisión 1ª, o 27 de marzo de 2014 en Comisión 3ª, o 19 de setembro de 2014 en Comisión 3ª e o 19 de novembro de 2014 en Comisión 1ª.

Como consecuencia das xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, os pensionistas retornados xa poden, dende o 1 de xaneiro, solicitar a devolución das sancións, os recargos e os xuros de demora que foron pagados por este colectivo e que resultaron condonados.

A Xunta –a través da Axencia Tributaria de Galicia- está a colaborar coa Axencia Tributaria estatal para axudar a este colectivo no proceso de devolución dos conceptos condonados, aínda que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten ningunha competencia na materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia. The outer ring contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS" at the bottom. In the center is the coat of arms of Galicia. A handwritten signature, which appears to be "Blanca", is written across the stamp. A long, horizontal, looping flourish extends from the end of the signature to the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25903**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“medidas conducentes a axudar ao sector industrial galego a saír da crise e crear emprego”**, (publicada no BOPG número 337 do 9 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O 27 de novembro de 2014 presentouse no Consello da Xunta o informe sobre a *Axenda de competitividade industrial, Galicia: Industria 4.0*, que ten o obxectivo fundamental de impulsar a competitividade industrial de cara a consolidar e ampliar o tecido neste sector. Neste sentido, establece as pautas coas que o Goberno galego aspira modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que reforcen o valor engadido da súa oferta e a súa posición competitiva, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade.

Esta axenda suma 60 medidas específicas que se desenvolverán a través de 5 eixos de actuación: factores territoriais de competitividade, persoas e organizacións, crecemento, innovación e mercados. Deste xeito, perséguese incrementar o peso da industria no PIB en 6,5 puntos ata acadar o 20% no ano 2020 e, especialmente, crear 50.000 novos postos de traballo durante este período.

Na actualidade a Axenda está a ser consensuada cos axentes implicados, trasladándolles a importancia de que tomen parte activa no seu desenvolvemento, contribuíndo a acadar o equilibrio entre o reforzo necesario dos sectores tradicionais na economía galega e o impulso doutros emerxentes, e facilitando a hibridación multisectorial.

Neste contexto, cabe recordar que, para facilitar a actividade industrial, a Axenda facilita o acceso ao solo industrial, con rebaixas no custo do metro cadrado de ata o 50% para os parques empresariais localizados nas Zonas Impulsa e os concellos fronteirizos con Portugal. Ademais, establécese unha rebaixa do 30% no resto de parques salvo os das áreas urbanas, que contarán cun desconto do 15%.

Finalmente, sinalar que a Axenda é unha estratexia de acción que nace da coordinación co novo marco orzamentario europeo e a *Agenda para el fortalecimiento industrial en España*, e está en clara sintonía coa *Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia* (RIS3) gabada pola Comisión Europea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, which appears to read "Blanca", followed by a long, sweeping horizontal line that ends in a small loop.

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26372**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Vilamarín, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos de xeración de emprego e investimentos anunciados na resolución do concurso eólico, o prazo previsto e a elaboración dalgunha medida para ese fin, así como para evitar a perda de posicións do sector dentro do Estado español”**, (publicada no BOPG número 340, do 15 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O sector eólico galego ocupa a terceira posición no *ranking* das comunidades autónomas en potencia eólica instalada en 2014, é dicir, a mesma posición que tiña no ano 2008, segundo os últimos datos facilitados por Red Eléctrica de España (REE).

Respecto ao desenvolvemento dos plans industriais vinculados ao concurso eólico, sinalar que ata o de agora as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 856 millóns de euros e xerado 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata o 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos datos referidos ao descenso das vendas e á perda de emprego no comercio retalista en Galicia no mes de xullo de 2014”**, (publicada no BOPG número 343 do 18 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta preguntas foi atendida na intervención da directora xeral de Comercio, Sol María Vázquez Abeal, con motivo do debate da iniciativa 26578 que tivo lugar na sesión do 25 de setembro de 2014 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.


A maiores, sinalar que os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE), evidencian que as vendas do comercio retalista en Galicia en decembro creceron un 3,7%, respecto ao mesmo mes do 2013, polo que se encadean catro meses consecutivos con taxas positivas (ao igual que sucede coa ocupación). Así, estes datos reflicten unha estabilización das vendas no ano 2014 e, polo tanto, un cambio de tendencia.

Tamén que a Xunta de Galicia contribuíu a mobilizar preto de 19,5 millóns de euros en investimentos no comercio galego no ano 2014, a través dos seus instrumentos para potenciar a competitividade, calidade e modernización deste sector, coa implicación do propio sector e outros axentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, which appears to read "Blanca", followed by a long, sweeping horizontal stroke and a circular flourish at the end.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis, sobre **“os investimentos levados a cabo polo Goberno galego para a reparación dos portos afectados polos temporais durante os meses de inverno, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 343, do 18 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a dar cumprimento a un plan de actuación para avaliar e reparar os danos ocasionados polo tren de borrascas que asolou Galicia a principios de ano, así como para conter os efectos de posibles novas inclemencias meteorolóxicas.

No período comprendido entre o 15 de decembro do 2013 e o 14 de febreiro de 2014 producíronse sucesivos temporais de chuvia, vento e mar de fondo, con ondas que superaron os 10 metros, que afectaron ao conxunto do litoral de Galicia. A forza deste tren de borrascas deixouse sentir de xeito destacado nas infraestruturas portuarias deixando danos nun total de 70 peiraos de titularidade autonómica.

Os danos ocasionados no conxunto do sistema portuario autonómico deron lugar á inmediata valoración das reparacións necesarias e o montante dos danos. Tras esta análise, propuxéronse un total de 113 actuacións de reparación de danos por un importe total aproximado de 4,2 millóns de euros.

Seguindo o plan de resposta elaborado expresamente para dar solución a esta situación, Portos de Galicia actuou de xeito inmediato nas zonas nas que os desperfectos ou o estado das infraestruturas portuarias podían ocasionar un risco para a seguridade dos usuarios do porto ou persoas con acceso puntual ás zonas afectadas.

Deste xeito, na actualidade xa se atopan finalizadas as seguintes actuacións:

PROXECTO	ORZAMENTO(Sin IVA)	ESTADO
MODIFICACION PRESUPUESTARIA 1 - EMERXENCIA		
CELEIRO: OBRAS DE EMERXENCIA DE REFORZO DE BLOQUES DO DIQUE DE ABRIGO DO PORTO DE CELEIRO	804.217,35	FINALIZADA
MALPICA DE BERGANTIÑOS: OBRAS DE EMERXENCIA PARA REFORZO DE BLOQUES DO DIQUE DE ABRIGO DO PORTO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS	582.334,27	FINALIZADA
CARIÑO: OBRAS DE EMERXENCIA DE REFORZO DE ESCOLLEIRA NO DIQUE DO PORTO DE CARIÑO	247.534,00	FINALIZADA
A GUARDA: OBRAS DE EMERXENCIA DE REFORZO DE BLOQUES NO DIQUE DO PORTO DA GUARDA	226.092,97	FINALIZADA
SANTA MARIÑA (CAMARIÑAS): OBRAS DE EMERXENCIA DE REFORZO DE ESCOLLERA E RECALZO DO PEIRAO DO DIQUE DE SANTA MARIÑA (CAMARIÑAS)	139.821,41	FINALIZADA

A continuación, Portos de Galicia está a financiar e acometer actualmente as seguintes obras de urxencia:

MODIFICACION PRESUPUESTARIA 2 - URXENCIA	ORZAMENTO	ESTADO
CAMELLE: Reforzo de bloques do dique de abrigo	220.385,91	EN EXECUCION
FOZ: Reforzo de dicque de encauzamento do porto	173.312,14	EN EXECUCION
BURELA: Reforzo de bloques do dique de abrigo	108.566,73	EN EXECUCION
SAN CIBRAO: Reforzo escolleira do dique	107.058,12	EN EXECUCION



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Para maior información, o señor deputado pode analizar o contido da resposta dada na Comisión 8ª do 23 de decembro de 2014, polo presidente do ente público Portos de Galicia, José Juan Durán Hermida, a través da iniciativa 30414."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca

Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27247**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“os datos referidos aos contratos realizados pola TVG con empresas privadas para realizar conexións en directo durante os espazos informativos nos anos 2012, 2013 e 2014”**, (publicada no BOPG número 346, do 24 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Compañía de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Na Radio Galega toda a publicidade é en galego. Na Televisión de Galicia temos mellorado a nosa oferta aos anunciantes, ofrecéndonos entre outras cousas a realizar a dobraxe á nosa lingua para os de carácter estatal, aplicar un desconto adicional ás axencias de publicidade galegas que empregan o galego nas súas mensaxes e dándolles unha colocación preferente nos bloques publicitarios.

Ademais os equipos comerciais fomentan a través dos argumentarios de venda e as propostas comerciais as vantaxes de empregar o galego na publicidade emitida en TVG.

A porcentaxe no ano 2009 e na actualidade era de 50,03% en 2009 e 47,95% na actualidade.

No caso da publicidade en galego a liña fundamental é a que nos marca a demanda dos anunciantes. A maiores, algúns dos grandes anunciantes de publicidade en galego deixaron operar como tales, e outros comezaron a traballar amplamente no mercado estatal, reducindo a súa presenza nos medios galegos, o que repercutiu nos índices de presenza do idioma.

Cómpre salientar o incremento rexistrado no uso do galego na publicidade por parte dos anunciantes galegos, que pasaron de emitir o 71,53% na nosa lingua en 2009 ao 83,62% en 2014. Gustaríanos que a porcentaxe fose máis alta, e para elo estanse a facer esforzos permanentes, como se reflicte ao comezo desta resposta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos á concesión e denegación das axudas convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar, con destino aos concellos, co fin de promover a inclusión laboral das persoas preceptoras da renda de inserción laboral de Galicia”**, (publicada no BOPG número 346, do 24 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez avaliadas as solicitudes á Orde do 30 de maio de 2014 para a contratación de persoas preceptoras da RISGA, resultaron beneficiarias 120 entidades locais e unha mancomunidade integrada por 5 concellos. A concesión destas axudas, que ascenderon a un total de 5 millóns de euros, fixo posible a contratación de máis de 600 persoas preceptoras de RISGA.

A través desta liña de axudas, os concellos puideron levar a cabo contratacións vinculadas á realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social. Foron os propios municipios os que decidiron as obras e servizos a desempeñar polos traballadores, xa que son os que mellor coñecen as necesidades dos seus territorios e tamén dos seus cidadáns. Deste xeito, os municipios puideron cubrir postos de traballo en diversos sectores como a construción, xardinería, limpeza, conserxería ou postos administrativos.

O obxectivo da convocatoria foi garantir a distribución equitativa dos recursos económicos entre os diferentes concellos. A cada entidade solicitante foille adxudicada unha axuda equivalente ás contratacións que lle corresponderon tendo en conta o número de perceptores de RISGA co que conta cada municipio.

Ademais, co obxectivo de ampliar o financiamento destinado a estas axudas e responder así á alta demanda deste programa de inclusión social no actual contexto económico realizouse unha segunda convocatoria. A orde correspondente a este ano duplica o orzamento inicial do programa, alcanzando os 10 millóns de euros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27437**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao alcance en Galicia da fraude das empresas Fórum Filatélico, Afinsa Bienes Tangibles, S.A., e Arte y Naturaleza Gespart, S.L., as xuntanzas mantidas polo Goberno galego coas persoas afectadas ou os seus representantes e as xestións realizadas na súa defensa”**, (publicada no BOPG número 346 do 24 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Fórum Filatélico é unha sociedade de bens tanxibles intervida xudicialmente, xunto con Afinsa, en maio de 2006 acusada de estafa, branqueo de capitais, insolvencia punible e administración desleal. En febreiro de 2010, a Audiencia Nacional dita que o Estado español non tivo nada que ver nas operacións ilícitas durante os 25 anos que estivo en funcionamento a sociedade.

En relación coas actuacións realizadas con referencia aos afectados, cómpre recordar que, naquel momento, o goberno da Xunta de Galicia, presidido por Emilio Pérez Touriño, declarou a incompetencia da Comunidade Autónoma neste asunto; e, polo tanto, adoptou a decisión de que o Instituto Galego de Consumo (IGC) non tramitara ningunha reclamación. Así, a única acción aprobada foi a de ampliar ao horario de tarde o teléfono gratuito de información ás persoas consumidoras afectadas.

Así mesmo, o entón Instituto Nacional de Consumo entendeu que a obriga das entidades de investimento colectivo suxeitas a remitir copia do informe de auditoría ás autoridades competentes en materia de consumo, só deberían facelo na comunidade autónoma onde estivera radicado o seu domicilio social (neste caso, a Comunidade Autónoma de Madrid).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27978**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“o posible impacto no sector empresarial galego da redacción que presenta a proposta de real decreto que regula a produción eléctrica nos territorios non peninsulares”**, (publicada no BOPG número 354, do 10 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación da peaxe 6.1.B pola Orde IET/2444/2014, do 19 de decembro, pola que se determinan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para o ano 2015, é aplicable a todos os niveis de tensión comprendido entre 30 e 36 kv.

En Galicia, as subministracións en alta tensión á industria realízanse en 20 kv, 66 kv, 132 kv e 400 kv, polo que á industria galega que se subministra en alta tensión aplícanse as peaxes 6.1.A, 6.2, 6.3 e 6.4; sendo, como é sabido, as tarifas 6.2, 6.3 e 6.4 as máis competitivas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29125**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Vilamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a avaliación realizada en relación co Programa galego de muller e ciencia 2008-2012 e a fase de elaboración en que se atopa o segundo programa”**, (publicada no BOPG número 362, do 27 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O primeiro Programa galego de muller e ciencia constituíu un paso importante cara a, por un lado, dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos homes.

O Goberno da Xunta de Galicia realizou unha importante aposta coa creación da Unidade de Muller e Ciencia (Decreto 33/2007, do 1 de marzo), consciente de que hai que camiñar cara á igualdade efectiva de trato e de recoñecemento de mulleres e de homes na carreira investigadora, científica e tecnolóxica.

O Programa galego de muller e ciencia incluíu unha serie de medidas aplicables en diversos eixes de traballo, tanto desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como desde a Consellería de Innovación e Industria, como desde a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracóns Públicas e Xustiza e mesmo desde institutos e centros de investigación e empresas con actividade en I+D e todo tipo de institucións públicas e privadas, que integran o sistema científico - tecnolóxico de Galicia.

Na Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior celebrada o 19 de novembro de 2014, aprobouse unha Proposición Non de Lei en Comisión con seguinte texto transaccionado aprobado por unanimidade:

'O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar, dentro da Unidade Muller e Ciencia, o II Programa Galego de Muller e Ciencia, tal e como se recolle no artigo 10.e do Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, co obxectivo de eliminar os desequilibrios de xénero que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación na Xestión da I+D+i, así como a situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano'.

Así consta no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 377 do 21 de novembro de 2014."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ás achegas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou de calquera organismo dependente da Xunta de Galicia, a Bugalicia nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014”**, (publicada no BOPG número 366 do 31 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“As achegas da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao Consorcio de Bibliotecas do Sistema Universitario galego (BUGALICIA) nos anos polos que se pregunta foron:

	Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria		Total:
	Achega mediante Convenio	Achega a través da Convocatoria Grupos Investigación	
2011	1.480.000 €		1.480.000 €
2012	1.532.113 €		1.532.000 €
2013	1.092.000 €	262.629 €	1.354.629 €
2014	1.175.715 €	700.949,75€	1.876.664,7 €

As achegas a través do Convenio que se asina anualmente con as tres universidades galegas realízanse con cargo a aplicación orzamentaria 09.40.561B.744.3. O obxecto deste convenio é a o financiamento das accións que supoñen a xestión dos recursos de información necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos investigadores e docentes das universidades do Sistema Universitario de Galicia

Asemade, as achegas con cargo á Convocatoria de grupos realízanse con cargo a aplicación orzamentaria 09.40.561B.744.3 e supoñen o 5% da cantidade total das axudas concedidas.

Pola súa banda, as achegas a Bugalicia por parte da Consellería de Traballo e Benestar foron:

ANO	CONCEPTO	CANTIDADE
2011	Adquisición experiencia para desempregados	15.080 euros
2011	Adquisición experiencia e fomento do emprendemento	4.968 euros

No resto de anos aos que fai referencia a iniciativa non constan operacións con Bugalicia En todo momento os datos fan referencia aos pagos realizados.

Sinalar, por último, que por parte do resto dos departamentos da Xunta de Galicia, e para os anos referidos, non constan achegas para Bugalicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29251**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar os desafiuzamentos por procesos de execución hipotecaria, así como para reclamar ás entidades financeiras o cumprimento da lexislación europea en materia de cláusulas chan, a devolución ás familias das cantidades indebidamente cobradas e a procura de solucións negociadas e compartidas”**, (publicada no BOPG número 366, do 31 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar e a Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é consciente da situación que atravesan moitas persoas e familias que no actual contexto económico se atopan en situación de vulnerabilidade. A problemática que sofren as persoas afectadas polo desafiuzamento da súa vivenda habitual é moi grave e, polo tanto, supón un ámbito prioritario de intervención.

Neste escenario, o Goberno galego, sempre dentro das súas competencias, reforzou os recursos e servizos dirixidos aos cidadáns que non poden facer fronte ás súas obrigas coas entidades financeiras. A través destas medidas, a Xunta traballa para resolver as situacións nas que existe risco de desafiuzamento das familias da súa vivenda habitual, a única que posúen. Un dos primeiros pasos foi a sinatura en 2013 dun convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que inclúe medidas de tipo xudicial e social para enfrontar os desafiuzamentos.

No marco dese protocolo global, deuse un paso máis coa posta en marcha do Programa Reconduce, unha iniciativa transversal que trata caso por caso a situación das familias afectadas. O programa ofrece múltiples servizos como asesoramento xurídico e económico, atención social, apoio psicolóxico, orientación laboral e apoio na busca, se

fora preciso, dunha vivenda alternativa. Ademais, supón un fío directo cos servizos sociais de todos os concellos que colaboran activamente na información, asesoramento e derivación dos casos, así como no seu seguimento.

Ao respecto das preguntas relativas a cuestións legais incluídas na iniciativa, lémbrese que a vixilancia do cumprimento da normativa por parte das entidades financeiras é unha competencia do Banco de España. En todo caso, a través do Programa Reconduce estáselle reclamando ás entidades financeiras a eliminación das cláusulas solo en todos os casos tratados.

A avaliación do conxunto das actuacións do Programa Reconduce é positiva, xa que neste marco estanse resolvendo a maioría das graves situacións detectadas. A día de hoxe, non existe constancia de ningún desafiuzamento das familias con expediente formado e defendido pola oficina do Programa Reconduce, a pesar de que houbo varias situacións nas que a execución de dito desafiuzamento estaba xa fixado para unha data determinada.

Sinalar, por outra banda que as 'cláusulas chan' non foron declaradas de xeito xeral como abusivas polo Tribunal Supremo, nin están incluídas na normativa. De feito, a *Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social*, recoñecen estas cláusulas.

Neste contexto, cómpre sinalar que o Instituto Galego de Consumo (IGC) non ten competencia para declarar o carácter abusivo de cláusulas en contratos, sen prexuízo de potestade de sanción sobre as previamente declaradas como abusivas legal ou xudicialmente. Así mesmo, este organismo tampouco ten competencias para obrigar ás entidades bancarias a que retiren as cláusulas chan dos contratos hipotecarios.

A Xunta de Galicia é sensible a situación destas familias e ven actuando a través do Instituto Galego de Consumo (IGC), asesorando a aquelas persoas consumidoras que se achegan ás súas oficinas sobre cómo proceder para tramitar a súa reclamación, seguindo o procedemento establecido para este caso, e mesmo colaborando na súa tramitación, se así o solicitan. En concreto, este pasa por presentar a reclamación perante a oficina do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Defensor do Cliente da entidade bancaria ou, no seu caso, ante o Departamento de Conducta de Mercado e Reclamaciones do Banco de España, sen prexuízo da vía xudicial.

Polo tanto, o IGC continuará coa súa labor de asesoramento e protección ás persoas consumidoras e usuarias, tamén neste tema, de acordo co recollido na Lei 2/2012, do 28 de marzo. Así, ante a existencia de reclamación concreta por falta de transparencia da cláusula solo, e no caso de probarse, este organismo abriría o expediente sancionador que resulte aplicable.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29390**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Vilamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“a finalidade dos convenios asinados pola Consellería de Economía e Industria cos medios de comunicación durante o segundo cuadrimestre do ano 2014”**, (publicada no BOPG número 366, do 31 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Os medios de comunicación son un instrumento esencial no proceso de divulgación e información sobre actividades, servizos e valores de interese público. Polo tanto, no funcionamento habitual de toda administración, as campañas institucionais de publicidade e comunicación xogan un papel clave para que a cidadanía teña coñecemento sobre as políticas públicas que se desenvolven, así como para formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos.

Neste contexto, e seguindo a práctica desenvolvida en anos, lexislaturas e Gobernos anteriores, a Consellería de Economía e Industria asinou convenios de colaboración cos principais medios de comunicación galegos. O seu único obxectivo é promover a difusión de contidos informativos de interese para a sociedade nos ámbitos de competencia deste departamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29522**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os datos referidos á concesión e denegación nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 das axudas destinadas ás persoas mariscadoras a pé para que poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar, co fin de acadar a pensión de xubilación, así como as medidas impulsadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar para modificar os criterios fixados ao respecto e garantir o dereito universal a esa prestación”**, (publicada no BOPG número 369, do 6 de novembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O número de persoas que recibiron axuda para poder contar coa prestación por xubilación, dende 2009 e ata 2014, así como tamén as persoas excluídas amosáanse, a través do anexo do seguinte cadro resumo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Anexo


convocatoria	total concedido	total pagado	nº de persoas que recibiron axuda	Persoas excluídas	distintos supostos - requisitos que non cumpriron (artigos)	importe recibido individualmente
2009	1.302.240,48	1.227.176,10	147	59	2.1 - 3.1.a) - 3.1.b) - 6.a) - e noutros casos: xa ter cumprido o período mínimo de cotización para ter dereito á pensión correspondente	art 4.2: segundo data cumprimento condicións: máx. 10.121,04 €/ano (843,42 €/mes: 546,55+296,87)
2010	1.626.138,95	1.545.568,40	178	23	2.1.b) - 3.1.a) - 3.1.b)	art 4.2: segundo data cumprimento condicións: máx. 10.396,20 €/ano (866,35 €/mes: 557,50+308,85)
2011	574.909,40	507.505,12	189	10	2.1 - 3.1.b) - 6	art 4.2: segundo data cumprimento condicións: máx. 3.208,20 €/10 meses (320,82 €/mes)
2012	344.254,74	333.436,58	98 +1 Renuncia	37	3.b - art.1 - art .2 - art 8	Art, 4,1 segundo data cumprimento condicións: máx. 350 € mes (4,200 € 12 meses)
2013	187.665,63	175.144,52	55	25	Art.3,b - art.2 - art .6	Art, 4,1 segundo data cumprimento condicións: máx. 350 € mes (4,200 € 12 meses)




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29655**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“as xestións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para evitar as demoras e impagos de salarios ás persoas traballadoras da empresa Cleanet, adxudataria do servizo público de limpeza das dependencias do Arsenal en Ferrol”**, (publicada no BOPG número 372, do 12 de novembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia seguiu de preto este conflito laboral en colaboración coa Inspección de Traballo. Como empresa concesionaria do Ministerio de Defensa, a Consellería de Traballo e Benestar púxose en contacto para analizar unha situación que non só afecta a Galicia.

O pasado mes de xaneiro o Ministerio de Defensa resolveu licitar un novo acordo marco unificado para a selección de empresas que presten os servizos xerais de limpeza nas súas instalacións. Por suposto, a Consellería de Traballo e Benestar vixiará, xunto coa Inspección da Traballo, que non se leven a cabo infraccións laborais. Nese caso levantaríase a correspondente acta de infracción, como xa se fixo anteriormente nas circunstancias nas que se constatou algún tipo de infracción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30022**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as razóns do mantemento, nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2015, dos recortes sociais, laborais e salariais para os empregados públicos”**, (publicada no BOPG número 376, do 20 de novembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego sempre se recoñeceu o importante esforzo esixido aos empregados públicos co obxectivo de rebaixar o déficit público, un elemento imprescindible para a saída da crise.

O propio marco xurídico no que se estableceron eses recortes salariais prevé a posibilidade dunha recuperación dos mesmos en exercicios futuros, condicionada inescusablemente ao logro das garantías de estabilidade orzamentaria.

Nun contexto de cambio de tendencia na que Galicia xa non está en recesión a Xunta de Galicia anunciou no mes decembro pasado que procedera no ano 2015 a aboar unha media de 340 euros a cada empregado público pola devolución da parte devengada da paga extra suprimida polo Goberno do Estado no nadal de 2012. A Administración galega destinará neste ano uns 40 millóns de euros para levar a cabo esta devolución.

A Xunta xa pagou aos seus empregados públicos a metade da paga extra devengada a través da nómina correspondente ao mes de xaneiro e devolverá a outra metade no momento en que se aprobe a Lei do Emprego Público, cuxo proxecto se atopa neste momento en tramitación parlamentaria na Cámara autonómica.


En total, máis de 100.000 empregados públicos poderán percibir esta devolución. Hai que ter en conta que o persoal non activo ou que pasou a outras administracións tamén percibirá esta devolución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30935**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o contido do informe do Consello de Contas en relación cos procedementos de contratación de obra pública da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 391, do 15 de decembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O Consello de Contas requiriu datos de 85 expedientes dos cales: o 47,6% foron licitados antes de 2009 e o 52,38% foron licitados con posterioridade. Todos e cada un dos reaxustes de gasto e de prazo que a Xunta de Galicia aplica ás súas actuacións realízanse conforme a dereito, fundamentados e avalados polos seus informes xurídicos favorables e fiscalizado de conformidade. Trátase de medidas recollidas na Lei de contratos do sector público para facer fronte aos imprevistos que xorden durante a execución das obras. No caso de Galicia, hai que ter en conta os seguintes condicionantes:

- Unha xeoloxía moi complexa e cun sistema hídrico moi abundante.
- A frecuente aparición de afeccións a elementos arqueolóxicos que non están inventariados.
- As circunstancias meteorolóxicas, que condicionan as obras.

Tal e como recoñece o informe do Consello de Contas (páxina 43. Artigo 3.13) desde o ano 2009 a Xunta adoptou as medidas necesarias para reducir ao mínimo os sobrecustos das obras públicas.

Así, endurecéronse as condicións para o cálculo das baixas temerarias, o que garante a aproximación das ofertas económicas ao prezo real e diminúe progresivamente a execución de modificados e complementarios que acaban por elevar os custos finais. A Axencia Galega de Infraestruturas, creada no ano 2012, no seu contrato de xestión

estableceu un indicador, de obrigado cumprimento e que se está a cumprir, cuxo obxectivo prioritario é reducir as desviacións orzamentarias positivas no desenvolvemento das infraestruturas.

Os resultados desta medida sinalan que, mentres que os modificados introducidos no período 2005-2009 produciron un sobrecusto medio do 38,5% do prezo de adxudicación das obras, e do 19,13% sobre o importe da licitación, no caso dos modificados introducidos no período 2009-2014 produciron un sobrecusto medio sobre o importe de adxudicación das obras do 10,38%, rexistráronse nestas obras aforros medios do 11,1% sobre o prezo de licitación.

A Axencia Galega de Infraestruturas ten en conta as cláusulas sociais no ámbito da súa contratación naqueles casos en que a especificidade dos traballos o permita. Cómpre subliñar a este respecto a incorporación que se fai nos pregos de cláusulas administrativas particulares como criterio de preferencia, nos casos de empate de puntuacións entre as proposicións, a porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade, en primeiro lugar, e a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, en segundo lugar. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, seguirá a traballar para reducir ao mínimo as porcentaxes de sobrecusto de prezo nas obras que licita, dando sempre cumprimento ao disposto na lexislación vixente en materia de contratación pública."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31504**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Francisco Manuel Caamaño Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas ao mantemento e protección da igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)”**, (publicada no BOPG número 399, do 5 de xaneiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“No marco do seu compromiso xeral coa posta en valor do patrimonio cultural galego e co fin de velar pola correcta conservación e protección dos bens que o integran, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeadamente a través da súa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, vén de promover e/ou colaborar ao longo dos últimos anos na realización de diversas actuacións de estudo, protección e conservación sobre este ben concreto do patrimonio lucense e sobre a súa contorna que teñen contribuído á súa posta en valor efectiva.

Tal é así que na actualidade se están a desenvolver traballos de limpeza e conservación, así como o control e o seguimento das condicións de humidade, de xeito que se poida completar un estudo o máis exhaustivo posible que detecte con exactitude a súa orixe e os mecanismos que a provocan; labores que servirán de base para definir as solucións de conservación das pinturas que se consideren máis axeitadas, así como para outros posibles traballos de conservación e control que se estime preciso realizar no futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31605**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a modificación pola Xunta de Galicia das condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos”**, (publicada no BOPG número 405, do 23 de xaneiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación da resolución vén motivada polo cumprimento da legalidade, neste caso, da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 e, en derradeira instancia, a garantía da sostibilidade do sistema de xestión de residuos de competencia municipal que a Xunta puxo á disposición dos concellos galegos a través de SOGAMA, finalidade á que se atopa preordenada.

A Xunta considera que debe dar cumprimento ás normas legais emanadas democraticamente do Parlamento galego e, neste caso, á disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Os apartados cinco e seis desta disposición inclúen a posibilidade de detraer o importe do canon por tratamento adebedado polos entes locais a SOGAMA das cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local.

En todo caso, cómpre salientar:

- Que a xestión dos residuos domésticos ou urbanos é una competencia local.
- Que a adhesión dos entes locais ao denominado ‘modelo SOGAMA’ para o tratamento destes residuos municipais é voluntaria, como indica a propia disposición e as condicións

aprobadas, estando aqueles plenamente lexitimados para permanecer no sistema ou apartase del e articular un modelo propio de xestión. Partindo desta voluntariedade, corresponde á Xunta garantir a viabilidade do sistema en beneficio dos 296 entes locais que libremente decidiron acudir ao mesmo ou dos que o decidan no futuro.

-Que, se ben as condicións que veñen de ser aprobadas serán aplicables a estes 296 concellos galegos adheridos ao sistema, a dita disposición adicional establece un prazo de dous meses de moratoria para a aplicación efectiva das condicións, prazo durante o cal os entes locais poderán desistir da súa adhesión mediante acordo expreso.

Considerando o exposto, non cabe soste que a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 nin a aprobación das condicións de adhesión que dá cumprimento a dita norma resulten contrarias á autonomía dos entes locais, que teñen a derradeira palabra en canto á súa adhesión voluntaria ao sistema.

A resolución pola que se aproban as condicións de adhesión foi ditada no debido cumprimento dunha Lei. A Xunta mantén a súa vontade de colaboración e diálogo permanente e sempre aberto e respectuoso cos entes locais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31688**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante os posibles casos de acoso sexual acontecidos no club de fútbol sala de Leis”**, (publicada no BOPG número 405, do 23 de xaneiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás cuestións formuladas á Secretaría Xeral para o Deporte no ámbito da presente iniciativa, e como sí tivo a oportunidade de manifestar durante a comparecencia do titular da mesma o pasado 20 de febreiro na Comisión 1ª dando resposta á pregunta 32.860, e entre outras consideracións ao respecto, as funcións deste departamento veñen marcadas no estrito ámbito das funcións establecidas na Lei do Deporte de Galicia. Pola súa banda, os contactos da Secretaría Xeral coas xogadoras afectadas teñen sido numerosos, e van dende conversas telefónicas ata correos electrónicos, pasado por un encontro coas mesmas, durante o que se tivo a oportunidade de trasladarlles a nosa preocupación e mediación, así como as medidas nas que, tanto esta secretaría como a de Igualdade, están a traballar cara a erradicar do deporte galego este tipo de situacións.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Blanca G



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/jr

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24431**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas que se están a levar a cabo para contrarrestar as importacións de especies capturadas por artes de palangre procedentes de terceiros países onde se desenvolven prácticas de finning”**, (publicada no BOPG número 311 do 2 de xullo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar** que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ven mantendo unha posición de defensa pechada da sustentabilidade e futuro da flota palangreira galega. En especial, desde que se coñece a decisión da UE de prohibir á práctica coñecida como aleteo ou finning. Esta práctica consiste en cortar a aleta dos escualos a bordo dos buques e descartar o resto do corpo. O regulamento vixente, o número 605/2013 do 12 de xuño, xustificaba esta decisión en base á situación de sobreexplotación, por pesca intensiva, na que se atopaban tiburóns ou quenllas. A realidade é que, con anterioridade incluso a esta prohibición, a flota palangreira europea, tanto os que os que faenan ao fresco como os conxeladores, veñen realizando un aproveitamento integral da escualos, polo que non practican finning. De feito, dos exemplares comercializados, as aletas se exportan ao mercado asiático, a carne ao mercado centroamericano e comunitario, a pel emprégase para confeccionar artigos de coiro, do fígado se extrae a vitamina ‘A’ e o escualeno un produto empregado na industria farmacolóxica e de cosméticos).

Con todo, que a prohibición se estableza exclusivamente para a flota da UE carece de sentido, e provoca unha situación prexudicial para a flota galega, tanto na súa operatividade como desde o punto de vista económico, posto que deben facer fronte a maiores gastos por non poder procesar os escualos a bordo, como fan os barcos asiáticos.

Neste senso cómpre lembrar que desde a Xunta de Galicia sempre se apoiou a demanda formulada polos palangreiros para que se estendera o veto a esta práctica aos países terceiros competidores, que si realizan finning, como é o caso dos asiáticos.

Pero esta decisión depende dun proceso de negociación internacional. A Comisión Europea ata en seis ocasións, intentou negociar con terceiros países. A última na xuntanza da Conferencia internacional para a conservación do atún atlántico (ICCAT).

Por outra banda, tamén sería aconsellable a introdución de criterios de flexibilidade na actual normativa comunitaria, que permita que a flota europea obteña maior rendibilidade, como por exemplo, a obrigatoriedade de desembarcar corpos e aletas no mesmo porto, ou mellorar a xestión desta pesquería, desde as ORP's, entre outras.

O Goberno español tivo sempre unha posición clara ao manifestar que esta prohibición do aleteo non era en absoluto necesaria. Pola nosa parte, sempre mantivemos a mesma posición que manifestaron os profesionais das flotas de palangre."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/jr

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés, sobre **“a comparecencia no Parlamento de Galicia para dar conta das viaxes institucionais ao exterior do Sr. presidente do Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 316 do 15 de xullo de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2011, a Xunta de Galicia aprobou o Código Ético Institucional que regula as viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración Autonómica. En efecto, por primeira vez, a Administración autonómica dotábase dun manual de conduta no que se establecen os principios e pautas básicas reguladoras que enmarcan e orientan a realización das viaxes institucionais dos seus altos cargos ao exterior.

Todos os contidos dese Código, foron incluídos, á súa vez, no documento de Código Ético Institucional sobre criterios básicos de conduta e responsabilidade profesional no funcionamento da Administración Autonómica impulsado polo Goberno galego no ano 2014.

De acordo con estas pautas, aplícanse regras concretas relativas aos custos de desprazamento como son a realización en liñas regulares e en clase turista dos voos con destino nacional o a calquera dos países da Unión Europea, e a limitación dos desprazamentos en clase preferente ás viaxes transoceánicas ou de longo percorrido. Igualmente, establécese o deber de limitar ao estritamente necesario os gastos en materia de protocolo e a composición das comitivas de acompañamento.

Os referidos Códigos sinalan igualmente o deber de comparecencia do Goberno galego no Parlamento de Galicia para informar sobre as viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español. Así, a Xunta de Galicia vén comparecendo semestralmente para dar conta na Cámara dos obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas en cada período de sesións.

Ate o momento, compareceuse puntualmente en 7 ocasións, nas sesións da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, con datas do 26 de xuño de 2011, 23 de decembro de 2011, 29 de xuño de 2012, 27 de xuño de 2013, 23 de decembro de 2013, 30 de xuño de 2014 e 11 de decembro de 2014.

Por tanto, os Grupos Parlamentarios que conforman á Cámara galega teñen acceso periódico á información relativa ao número de viaxes realizadas polos membros do goberno galego, aos obxectivos que presiden esas viaxes, e aos resultados alcanzados coas mesmas, con posibilidade aberta para o debate e para a formulación de preguntas que sexan do seu interese.

A difusión desta información se canaliza igualmente a través das referencias e notas de prensa publicadas na sección 'Actualidade' da web institucional da Xunta de Galicia.

A realización polos membros do Consello da Xunta de Galicia de viaxes institucionais ao exterior enmárcase nas prioridades de acción exterior aprobadas no ano 2011 polo Consello de Acción Exterior de Galicia. En efecto, o referido documento identifica 4 eixes estratéxicos para garantir unha acción exterior sólida, competitiva e con capacidade de acadar resultados concretos. En concreto, a participación de Galicia na Unión Europa; a cooperación con Portugal; a Cooperación ao desenvolvemento; e a defensa das colectividades galegas no exterior e as relacións con Latinoamérica e outras áreas emerxentes.

Asemade, a Secretaría Xeral da Emigración desenvolve un importante papel de interlocución coas comunidades galegas no exterior, coas que ven colaborando intensamente desde a súa creación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA**

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727